



## ADMINISTRACIÓN LOCAL MUNICIPAL NEGREIRA

### *Aprobación definitiva e publicación do texto íntegro do Regulamento dos títulos, honores e distincións oficiais do Concello de Negreira ANUNCIO*

Efectuada a aprobación definitiva tácita, ó non terse presentado reclamacións, ao Regulamento dos títulos, honores e distincións oficiais do Concello de Negreira, a continuación publícase o texto íntegro do mesmo en cumprimento do disposto polo artigo 70.2.º da Lei 7/1985, do 2 de abril, Reguladora das Bases do Réxime Local.

### REGULAMENTO DOS TÍTULOS, HONORES E DISTINCIÓNIS OFICIAIS DO CONCELLO DE NEGREIRA

#### Capítulo 1.-Dos títulos, honores e distincións oficiais do Concello de Negreira

##### Artigo 1

O artigo 191 do RD 2568/1986, do 28 de novembro, polo que se aproba o Regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das entidades locais dispón que os requisitos e os trámites que son necesarios para conceder os honores e as distincións ás que se refiren os artigos 189 e 190 se determinarán nun regulamento especial.

Os títulos e distincións que, con carácter oficial, poderá outorgar o Concello de Negreira, coa finalidade de premiar especiais merecementos, beneficios sinalados ou servizos extraordinarios son os seguintes, tendo en conta o disposto no artigo 189 do RD 2568/1986, do 28 de novembro, polo que se aproba o Regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das entidades locais:

- Fillo/a Predilecto/a do Concello de Negreira.
- Fillo/a Adoptivo/a do Concello de Negreira.
- Membro Honorario do Concello de Negreira (Alcalde/Alcaldesa e Concelleiro/a/a Honorario/a).
- Medalla do Concello de Negreira.
- Hóspede de Honra do Concello de Negreira.
- Nomeamento de Cronista Oficial do Concello de Negreira.

##### Artigo 2

O Concello de Negreira deberá cumplir as normas regulamentarias que se sinalan a continuación antes de conceder as distincións ás que fai referencia o artigo 1, e serán nulos e non terán efecto ningún as honras, títulos e distincións que sexan concedidos á marxe delas.

Ningún deses títulos poderá ser outorgado ás persoas que desempeñen altos cargos en calquera ámbito da Administración Pública mentres estean nesa situación (excluído o funcionariado público do Concello en activo), coa excepción do Xefe de Estado.

##### Artigo 3

Todos os títulos ou distincións aos que fai referencia este regulamento teñen un carácter exclusivamente honorífico, sen que, polo tanto, outorguen ningún dereito administrativo nin de carácter económico.

##### Artigo 4

Crearase unha Comisión de Honras e Distincións, presidida pola Alcaldía, e 4 concelleiros/as, segundo a porcentaxe de membros que formen as comisións informativas, e dúas persoas con vínculo cultural ou educativo co noso Concello que os/as asesoren.

## Capítulo II.-Do nomeamento de Fillo/a Predilecto/a e Fillo/a Adoptivo/a do Concello de Negreira

### Artigo 5

O título de Fillo/a Predilecto/a do Concello de Negreira concederáselles a aquelas persoas naturais de Negreira que destacasen singularmente polas súas calidades persoais, os seus méritos profesionais e os seus servizos en beneficio do municipio, de modo tal que os fagan merecentes do agradecemento e da gratitudine da Corporación Municipal e da cidadanía de Negreira.

### Artigo 6

O nomeamento de Fillo/a Adoptivo/a do Concello de Negreira concederáselles a aquelas persoas que, sen nacer no Concello de Negreira, reúnan os méritos e circunstancias anteriormente mencionados.

### Artigo 7

Tanto o título de Fillo/a Predilecto/a e de Fillo/a Adoptivo/a do Concello de Negreira constitúen a máxima distinción que outorga este Concello e deberán outorgarse atendendo a maior obxectividade, rigor e restrición posible, coa finalidade de manter todo o seu prestixio.

### Artigo 8

Ambos os dous títulos estenderanse nun documento oficial consistente nun artístico pergamiño no cal constarán o título da distinción, o nome e os apelidos da persoa designada, os méritos e servizos nos que se basea a concesión e a data de recoñecemento. Asinarán o pergamiño o/a alcalde/esa e a/o secretaria/o da Corporación.

## Capítulo III.-Do nomeamento de Membro Honorario do Concello de Negreira

### Artigo 9

Institúese a condición de Alcalde/sa Honorario/a e Concelleiro/a Honorario/a do Concello de Negreira coa finalidade de premiar aquelas persoas nacionais ou estranjeiras que son merecentes dun público recoñecemento, por posuér evidentes méritos e calidades persoais, especialmente profesionais ou empresariais, ou por desenvolver postos salientables nas administracións públicas de calquera ámbito territorial.

Poderanse conceder ata un máximo de dous nomeamentos de alcaldes/sas honorarios/as e sete de concelleiros/as honorarios/as e estes serán de carácter vitalicio. Non obstante, serán de carácter temporal cando se fagan corresponder cun nomeamento análogo dos que fose obxecto o/a alcalde/sa ou o/a concelleiro/a da Corporación Municipal, ou cando lle fose concedido a unha persoa por ocupar un cargo concreto pero rematará cando o galardoado cese no cargo. Poderá concederse a mesma cantidade de títulos que nos vitalicios.

Estes membros honorarios poderán prestar servizos de xeito altruísta e desinteresado, sen que o Concello poida facer desembolsos, nin sequera para cubrir posibles gastos derivados da súa xestión por petición do Concello de Negreira asesorando, nos seus campos profesionais, os membros da corporación municipal.

## Capítulo IV.-Da Medalla do Concello de Negreira

### Artigo 10

A Medalla do Concello de Negreira outorgáráselles como recompensa a aquellas persoas físicas ou xurídicas, públicas ou privadas, que se distinguiron en calquera rama da cultura, o espectáculo, o deporte, a ciencia, a economía, a acción social ou a comunicación, por unha longa traxectoria de servizos eminentes e excepcionais ao pobo de Negreira. Deberá outorgarse atendendo a maior obxectividade, rigor e restrición posible, coa finalidade de manter todo o seu prestixio.

Non poderá concedérselle esta condecoración á Corporación Municipal ou aos seus membros, mentres dure o seu mandato.

A medalla do Concello de Negreira terá carácter vitalicio.

## Capítulo V.-Do título de Hóspede de Honra

### Artigo 11

O título de Hóspede de Honra do Concello de Negreira poderá concedérselles a aquellas personalidades españolas ou estranjeiras que a visiten, como mostra da alta consideración que lle merecen á Corporación, polos servizos extraordinarios

prestados no ámbito nacional ou internacional en calquera das ramas mencionadas no artigo 10. Así mesmo, a Corporación poderá outorgarles ás personalidades estranxeiras as honras e as distincións que xulgue adecuadas, coa condición de que se respekte o principio de estrita reciprocidade.

#### **Capítulo VI.-Procedemento para a concesión e privación dos títulos, honores e distincións**

##### **Artigo 12**

Para a concesión dos títulos, honras e distincións do Concello de Negreira que se enumeran nos artigos anteriores será necesaria a formación do oportuno expediente xustificativo dos méritos e das circunstancias que aconsellen concedelos.

O procedemento para conceder os títulos, honores e distincións regulados nos artigos anteriores poderá ser promovido pola Alcaldía da Corporación, polos membros da Corporación (a metade dos componentes da Corporación).

O/a alcalde/sa someterá o asunto a informe da comisión informativa correspondente, que ditaminará baseándose no valor certo dos méritos suficientemente xustificados. Nese ditame proporal le ao Pleno do Concello que conceda ou denegue o título, o honor, a distinción.

As asociacións de especial relevancia asentadas no Concello poderán iniciar un expediente previo escrito motivado dirixido ao/á alcalde/sa, que poderá promover, se así o considera, o inicio do expediente.

Deberá constar no expediente a aceptación da persoa homenaxeada ou dos seus descendentes e non se poderá continuar co expediente sen esa aceptación.

##### **Artigo 13**

Para o recoñecemento de Fillo/a Predilecto/a e de Fillo/a Adoptivo/a do Concello de Negreira é necesario o voto favorable co quórum das dúas terceiras partes dos membros da Corporación Municipal.

Para o recoñecemento de membro Honorario, Hóspede de Honra e para o outorgamento da Medalla será necesario o voto das dúas terceiras partes dos membros da Corporación, aínda que o/a alcalde/sa, por resolución, poderá conceder o título de Hóspede de Honra cando se dean circunstancias de sinalada urxencia, pero será inescusable, en todo caso, o ditame favorable da Comisión de Honras e Distincións.

A competencia para outorgar honras e distincións será indelegable.

##### **Artigo 14**

Os Fillos/as Predilectos/as, os Fillos/as Adoptivos/as, os Membros de Honor, os Hóspedes de Honra e as persoas galardoadas coa Medalla do Concello de Negreira gozarán de representación persoal por dereito propio e colocaranse inmediatamente aos membros da Corporación nos actos oficiais e nas solemnidades aos que o Concello os invite.

##### **Artigo 15**

Ningunha Corporación poderá outorgar máis dun galardón por distinción durante o seu mandato, a excepción de que a Comisión de Honras e Distincións así o determine.

##### **Artigo 16**

A condición de Fillo/a Predilecto/a ou Adoptivo/a de Negreira pode ser revogada cando a conduta pública da persoa titular sexa contraria ao Concello de Negreira, aos principios proclamados na Constitución española e no Estatuto de autonomía de Galicia ou cando atente gravemente contra a dignidade dos intereses básicos.

A revogación dos títulos requirirá incoar un expediente coa mesma tramitación que se require para concedelos.

##### **Artigo 17**

O/a alcalde/sa entregará os títulos de Fillo/a Predilecto/a e Fillo/a Adoptivo/a nun acto solemne que se celebrará na Casa do Concello. Ao acto serán invitadas todas aquelas persoas que estean en posesión dalgún dos títulos e residan no municipio e ocuparán o lugar que para elas reserve o Concello.

A entrega do título ou honra concedido deberá facerse no prazo máximo de tres meses, agás que por causas excepcionais e debidamente razoadas iso non fose posible.

Na organización dos actos correspondentes á aplicación deste Regulamento de honras e distincións, o Concello deberá respectar escrupulosamente a normativa vixente na materia, tanto estatal, como da Comunidade Autónoma de Galicia e deste Concello.

### **Artigo 18**

Por Resolución da Alcaldía, tras o ditame favorable da Comisión de Honras e Distincións, o Concello de Negreira poderá adherirse, mediante entrega dunha placa de recoñecemento, á homenaxe pública de que sexan obxecto persoas e institucións por iniciativas alleas á Corporación Municipal.

### **Capítulo VII.-Do rexistro oficial de títulos**

### **Artigo 19**

A Secretaría Xeral da Corporación coidará de que leve un libro de rexistro no que se consignarán as circunstancias persoais de todas e cada unha das persoas favorecidas con algunha das distincións honoríficas ás que se refire este regulamento, cunha relación detallada e completa dos méritos polos que se lles concedeu, a data da concesión e, de ser o caso, a do falecemento de quen recibiu a honra, para que en todo instante se poidan coñecer cada unha das distincións outorgadas e as persoas que as posúen.

### **Capítulo VII.-Outras disposicións**

### **Artigo 20**

A denominación de rúas, prazas, parques e calquera outros lugares do dominio público do Concello será competencia do Pleno Municipal que as aprobará por proposta da concellería correspondente ou da Alcaldía, co voto favorable das dúas terceiras partes dos membros da Corporación Municipal, coa achega dos planos e documentos de delimitación que facilitarán os servizos técnicos municipais. Poderán formular propostas as concellerías correspondentes, a Alcaldía, persoas particulares ou asociacións.

### **Artigo 21**

O Pleno do Concello poderá autorizar a colocación de bustos e estatuas de personalidades en lugares públicos de Negreira, se o piden razoadamente entidades representativas, co voto favorable das dúas terceiras partes da Corporación Municipal.

### **Artigo 22**

Crearase un libro para rexistrar os títulos, as honras e as distincións, así como para que asinen todas as personalidades que visitasen o municipio.

### **Artigo 23**

A concesión de todos os títulos, honras e distincións deberá facerse pública a través da publicación no BOP da Coruña.

#### **Disposición transitoria**

Cantas personalidades ou entidades se achén actualmente en posesión dalgún dos títulos que son materia deste regulamento continuarán gozando deles, con todos os dereitos e con todas as prerrogativas recoñecidas.

#### **Disposición derogatoria**

Coa entrada en vigor do presente regulamento quedan derogadas as normas, ordenanzas ou regulamentos anteriores sobre esta materia.

#### **Disposición final**

Este regulamento entrará en vigor ao día seguinte da súa publicación íntegra no BOP da Coruña.

Negreira, 3 de maio de 2021.

O alcalde

Manuel Ángel Leis Míguez

2021/3753